

# UNHA SAÍDA GALEGA XUSTA FRONTE Á CRISE



**Neste 1º de Maio chamamos a que as rúas do noso país se enchan de reivindicación por unha SAÍDA GALEGA XUSTA DA CRISE. No Día Internacional da Clase Traballadora, e no actual momento histórico que vivimos, cómprenos facer valer políticas alternativas e garantir a autodeterminación dos pobos e das nacións, como a galega, para construír un mundo baseado na solidariedade, na cooperación, na igualdade e na paz.**

A evolución da actual crise camiña perigosamente na dirección de favorecer os intereses do capital, da economía, a risco de que a clase traballadora e as maiorías sociais sexamos de novo quen saíamos máis empobrecidas.

Isto acontece nun momento no que, sen se ter superado a crise do 2008, aumenta a concentración do poder, das rendas e da riqueza en menos mans e menos territorios. O 1% da poboación mundial máis rica concentra o 47% -case a metade- da riqueza mundial.

A pandemia está a ser aproveitada para acelerar as transformacións nas que se atopa inmersa a economía (descarbonización) e o traballo (dixitalización, teletraballo, etc) na dirección de manter a hexemonía do capital, impondo todo tipo de mudanzas no modelo produtivo e valéndose, unha vez máis, do papel dos estados e do consumo millionario de recursos públicos.

A débeda pública medra ao tempo que novos recortes veñen en camiño, mentres aumenta o desemprego, especialmente o das mulleres, a caída dos salarios, a precariedade, a pobreza laboral, e diminúe a posibilidade dun futuro digno para a mocidade.



**1º MAIO** DÍA  
INTERNACIONAL  
DA CLASE OBREIRA



Confederación Intersindical Galega

No Estado español, o Goberno de PSOE-Unidas Podemos actúa ao ditado do neoliberalismo e das directrices da UE, por moito que o disfracen con gran despregamento de centralismo madrileño e permanentes chamadas á lacra do diálogo social.

Un diálogo social que só fai engordar a conta de resultados das elites económicas e contribuír a manter todas e cada unha das políticas aplicadas desde a crise do 2008, que na súa gran maioría aínda están vigor: reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións, recortes e privatizacións de servizos públicos e sociais, etc.

E todo isto acontece cando imos camiño dun empeoramento da crise derivada da pandemia, con novos despedimentos que se suman aos executados desde o 14 de marzo de 2020, unha maior caída dos salarios, das rendas e das prestacións para máis sectores da clase traballadora.

A permanente propaganda e as declaracións sobre a derogación das reformas laborais contrasta coa súa vixencia e constante aplicación, torturando cada día a máis traballadores e traballadoras e aumentando as facilidades para que a patronal siga a aplicar ERE ou ERTE á carta.

A estas alturas é inxustificábel que estas reformas sigan en vigor e que non haxa iniciativas políticas máis atrevidas para facer realidade á súa derogación. Polo tanto, é necesario e urxente aumentar a mobilización e a resposta social para forzar a súa derogación.

Na Galiza, a acción do PP e de Feixó está a contribuír de forma intensa á destrución dos nosos sectores produtivos, industriais estratéxicas, con comarcas enteiras, especialmente no norte do país, en pleno proceso de reconversión e demolición.

Están a aplicar unha política suicida para o futuro da sociedade galega, e fano de forma autoritaria, actuando de xeito submisos con Madrid. En consecuencia, agrávase a crise social, industrial e demográfica e a incesante emigración que vimos padecendo, ao tempo que aumentan as políticas de espolio dos nosos recursos enerxéticos e naturais, a privatización de servizos públicos e a mercantilización dos coidados das persoas, sempre en favor dos fondos de investimento.

Na CIG estémonos a mobilizar dende hai meses para facerlle fronte a unha situación que pode causar danos irreparábeis se non se produce unha actuación pública en favor da creación de emprego na nosa terra, que permita un mínimo desenvolvemento económico, industrial e social de Galiza. Como tampouco será posíbel unha saída xusta da crise senón avanzamos na conquista da soberanía nacional para termos capacidade de decidir como pobo galego.

**Porque neste momento histórico o único camiño para conquistar un futuro digno como clase traballadora e como pobo galego é a mobilización, a solidariedade e a unidade de clase, a combatividade e a loita obreira e social.**

# Mobilización Ferrol:

## Ás 12:00h. Local da CIG

(Av. De Esteiro)



**1º MAIO** DÍA  
INTERNACIONAL  
DA CLASE OBREIRA

